



Traducción de:
E. Araúxo e L Martul
Depósito Legal:
C-399-**95**
Imprime:
Tórculo Artes Gráficas S.A.L.

Berrargitaratua (2025):

BADIOU eta GU



gertarazten argitalpenak



Alain Badiou: Arredor da cuestión nacional

(Declaracións feitas a Emilio Araúxo e Luis Martul. París, xuño de 1991, p-5-7)

No que atinxe á cuestión nacional o verdadeiro problema consiste en erguer a singu-laridade deica o universal. Así, o que abraia no teatro de Sean O'Casey ou de Synge é que a afirmación irlandesa amósase alí cunha forza extre-ma, e a singularidade irlandesa atópase nel enteiramente afirmada, na lingua, nas situacións e nos personaxes ó mesmo tempo, e nembargante a teatralidade ergue claramente iso a unha universalidade que garda en si mesma a figura nacional, mais que asemade, digamos, a vira ou a dirixe de xeito universal. E coido que ese é o verdadeiro problema, ou sexa: como a figura nacional pode chegar a constituirse sen dirixirse só a si mesma, digámolo así, ou sen dirixirse só a si mesma e ó seu adversario privilexiado. Alén diso, o peche no cara a cara co adversario privilexiado pode se-la ocasión e unha maneira de conducir este antagonismo que leve a abafar a universalidade. Xustamente como, se se quere, para pór un exemplo abraiante, o dos palestinos, porque se trata do máis coñecido, o verdadeiro problema dos palestinos consiste, o meu ver, en que non poden constituirse nin no sinxelo cara a cara co Estado de Israel, nin na soa reclamación da identidade árabe que os peche. Entón cómpre necesariamente que a política que eles desen-volven, sexa tal que poida virar ou dirixirse cara a universalidade xenérica do progresismo. Pois ben, na miña opinión, toda política fundada na cuestión nacional, e lexitimamente fundada na cuestión nacional, ato-pa este problema de maneira completamente inevi-table, e ese é o seu problema central. É iso o que sinala a demarca-ción entre, digamos, o nacionalismo substancial e reacionario e a figura nacional viva que se abre realmente á política universal.

Hai que inventar algo que sexa unha invención tal que calquera que non teña nada que ver coa situación considerada, chegue a considerala como a súa, en certo sentido. Resulta claro que "dereito dos pobos a dispor de sí mesmos" é abstracto de máis, iso xa non chega, cómpre inventar algo que, caso por caso, sinale o que está aí en xogo e que interesa á humanidade en xeral. E, por certo, o grande perigo do naciona-lismo atópase no sinxelo cara a cara, especta-cular, se o podo dicir así, co adversario histórico. Por exemplo, penso que no último período o nacionalismo irlandés afundiuse un pouco nunha especie de escuro cara a cara, tanto cos ingleses

como cos protestantes, de tal xeito que desanima, así e todo, ós progresistas estranxeiros á hora de comprometerse neste tipo de asuntos, porque se trata de algo fincado no seu propio pasado; ó cabo, iso xa non inventa a súa actualidade ou a súa contemporaneidade.

Entón o teatro é un bo xuiz diso. Vese ben que o grande período da emancipación irlandesa estivo acompañado por un grande teatro cunha significación universal enteramente manifesta. Sean O'Casey escribiu mesmo algunhas das raras pezas que acadaron incluir o dato, digamos, socialista ou proletario, de maneira real na escena.

Alain Badiou: Arredor da cuestión nacional

(Declaracións feitas a Antxón Azkargorta, José Herrero e Nicolás Xamardo. París, febreiro de 1992, p. 8-13)

Coido que non cómpre partir da cuestión "ser francés" ou "ser español", cómpre partir de categorías como Francia, España, etc. Ou sexa, é absolutamente necesario non procurar unha definición substancial do francés, do vasco ou do español. Non a hai. Toda tentativa dunha definición substancial semellante leva necesariamente a figuras do nacionalismo reaccionario, ou mesmo fascista. Entón, nós falamos da cuestión nacional desde o punto de vista da categoría que lle é propia, que é o que nós chamamos o país. Arrincamos do país, ¿hai ou non hai un país? Mais, alén diso, en certo xeito a cuestión de saber se hai ou non hai un país é o que nós chamamos unha categoría prescriptiva. Trátase en certa maneira dunha decisión, é unha formulación política. é dicir: nós enunciamos que hai un país, e que ese país se compón da xente que se atopa nel, da xente que vive nel, coas súas Particularidades. Resulta, en segundo lugar, que, por conseguinte, o país existe a partir e en referencia a un certo número de acontecementos constitutivos.

Non é unha estructura, nin un estado, cómpre que sexa unha subxectividade para falar diso con verda-de, e esa subxectividade, como todas as subxectivi-dades, constitúese a través de sucesivas fidelidades acontecementais amoreadas. Por exemplo, coido que fundamentalmente Francia se atopa en realidade determinada ou prescrita pola fidelidade a acontecementos como a Revolución Francesa do 92-94, a Comuna de París, Maio do 68, e todo o que se queira. Francia é iso. E por conseguinte, "francés", na medida en que iso existe, designa ó suxeito que se mantén na fidelidade a esa constitución histórica ou acontecemental que é ela mesma unha prescripción política. Por esa razón entendo que a categoría de país é ó mesmo tempo unha categoría universal; é dicir, que é enteiramente posible reivindicar ou afirmar o país, sen que haxa que referirse a unha comunidade pechada, etc., senón que, pola contra, iso sexa parte integrante dun movemento político con dimensión universal. Entón, naturalmente, non se vai dicir: nós somos franceses, e vós sodes estranxeiros, e daquela son así as cousas, senón que, pola contra, pártese da idea de que temos unha comunidade de pensamento no interior da cal dicir o que é Francia ou o que é o País Basco, ou dicir cousas dese tipo é algo que en certo xeito é compartido por todos,ou sexa, trátase dunha categoría progresista, unha categoría que vai no sentido do movemento de emancipación. Xa que logo, o problema radica en que hai país na medida en que se poida enunciar o que é o país con relación a acontecementos que posúen unha significación emancipadora; e tendo unha significación emancipadora teñen unha significación universal.

Para min, o país é sempre non un estado de cousas senón unha posibilidade política. É

prescriptivo. Ou sexa, é un proxecto, un proxecto que, como todo proxecto, é en realidade un proxecto infinito, é dicir, un proceso que se vai despregar deica o infinito nas súas consecuencias políticas; trátase dun proxecto que pode ser compartido. Cando Hölderlin fala de Alemania, eu interésome pola Alemania da que el fala, por iso non estou de acordo coa interpretación de Heidegger neste punto. Eu non son alemán, mais estou interesado niso, pois considero que forma parte do devir da huma-nidade en xeral dispor desa categoría de Alemania. Entón, e isto é un criterio, cando Le Pen fala dos franceses a ague de interesa so, por denmicion, a non ser a el mesmo ou a aqueles que se manteñen con eses fantasmas de ser francés, non se sabe por que nin como. A única realidade dun proxecto coma ese consiste en excluir ós outros, mentres que, claramente, un verdadeiro proxecto que atinxa ó pais non só é un proxecto que non exclúe ós outros senón que é un proxecto que lle interesa ós outros, que forma parte da visión que eles teñen da humanidade.

Penso que polo momento este movemento está fondamente dividido. De feito, expresa asema-de, comporta asemade elementos de universalidade, cativamente formulados, pouco pensados aínda, e por outra banda comporta, non cómpre agachalo, elementos fondamente retrógrados. Danse as dúas cousas ó mesmo tempo. Por exemplo, resulta completamente evidente que toda unha serie de fenómenos nacionalistas en curso na descomposición da antiga URSS non son fenómenos progresistas, de maneira inmediata. Non o son. E además iso vese, porque están estructurados polas igrexas, por consideracións a miúdo raciais. Non cómpre esquecer, de tódalas maneras, que existe un nacionalismo reaccionario. Entón, hai esta fasquía, e pola outra banda coido que hai a pescuda de categorías políticas no interior das que se pode pensar a propia situación de xeito universal; esa é a outra cara da cuestión; e en relación a construccións que eran puramente e simplemente construccións estatáis. Por conseguinte, se hai un movemento anti-Estado, en tanto sexa un movemento anti-Estado, pode ser un movemento emancipador. Simplemente, polo momento a situación está moi enguedellada, ó meu ver. A situación é moi escura porque para poder pensar un movemento nacional como un movemento universal ou emancipador, cómpren categorías políticas para facelo. As categorías políticas non son sinxela-mente as categorías políticas da cuestión nacional. Fan falta categorías políticas moito máis vastas, que permitan facer funcionar a cuestión nacional dentro dunha lóxica emancipadora. Agora ben, polo momento esas categorías políticas están pouco espalladas, pouco criticadas, son pouco coñecidas, ató-panse pouco disponibles e, xa que logo, dase unha febleza do eido progresista, se o podo dicir así, no que atinxe á cuestión nacional, e compróbase adoito que é permeable ás manobras reaccionarias ou que Pode sufrila súa influencia. Velaí, esa é a situación. Entón, volto á idea de que o problema non é se cadra tan directamente o da cuestión nacional, porque verbo diso resulta evidente que está suscitada obxectivamente a grande escala e en todo tipo de países, o problema radica en saber en que subxectividade política funcionou esta categoría, pois, se se sabe que nalgunhas situacións xa hai núcleos progresistas traballando, tamén hai desacougo por outras, porque ó cabo o que se adoita ver son cregos e militares, e cando non se ve máis ca militares e cregos... xurde a inquedanza.

Alain Badiou: Arredor da cuestión nacional

(Declaracións feitas a E. Araúxo e L. Martul. París, maio de 1992, p 14-20)

O nacionalismo é, en certa maneira, unha reapropiación dunha orixe da que fostes afastados dun xeito opresivo. Esa é a cuestión. Non foi por mor do voso propio movemento polo que iso se perdeu. Entón non hai que confundi-las cousas. O feito de que cumpra esquece-lo ten que ficar nun movemento imanente. Se, pola contra, vos obrigan a esquece-lo, entón é lexítimo rebelarse

contraa iso; asemade, mesmo ó rebelarse contra unha brutalidade exercida cando houbo unha separación da orixe, mesmo aí cómpre saber que non se vai sinxelamente restaurala, que non se vai facela voltar, puramente e sinxelamente. En realidade, vai haber que inventala, curiosamente, vai haber que inventar esa orixe perdida. E é neste senso como pode haber unha política sobre a cuestión nacional; xa que unha política verbo da cuestión nacional non pode ser endexamáis a vontade de restaurar a orixe da que se vos afastou á forza; esa orixe ten que ser inventada en termos que son necesariamente tamén, en parte, termos novos. Ou sexa, que a Galiza que tedes que facer, é unha invención, á fin e ó cabo. Fundamentalmente tedes que inventar Galiza; de feito, contra o centralismo español, contra o capitalismo, contra a devastación, contra o desterro, é verdade, contra todo iso, mais o "contra todo iso" faise invocando o que vos poñedes no nome de Galiza, e que, en certo xeito, aínda non existe.

Coido que un auténtico programa nacional, non falo no senso do programático, unha auténtica idea nacional ten que ter dúas características: en primeiro lugar, é sempre unha invención; hai un nome: Galiza, e vós sodes os portadores do que vai designar ese nome. Non se trata de algo que estea dado no sochán da historia, sodes vós os que o inventades nun conflicto, en realidade, moi serio, co que non quere que ese nome exista, porque de feito os adversarios quéreno suprimir, queren que desa-pareza ese nome. Entón, vós defendedes ese nome, mais inventades en parte o que hai detrás del. Esa é a primeira condición. E a segunda condición consiste en que ó ser unha invención ten que ter un valor universal. Tendo un valor universal, podedes dicirlles a todos: pescudamos realmente inventar algo; e esa invención é interesante para todos, porque unha invención é sempre interesante, mentres que unha restauración non o é. A vontade de restaurar unha vella Galiza non pode interesar máis ca ós galegos, mentres que a idea de inventar baixo o nome de Galiza algo que sexa unha novidade, mais ó mesmo tempo unha novidade que remita tamen a unha imaxe da orixe, é algo que pode ter emporiso un valor universal.

É unha invención, porque se trata de producir un pequeno Estado galego que sexa exactamente a imaxe dos Estados existentes só que en máis pequeno e máis pobre ¿qué interese tería iso para a humanidade en xeral? Mentres que se é unha creación subtraída ó Estado, entón, en certo sentido, interésalle necesariamente á humanidade, como toda invención subtraída ó Estado.

Xa que logo, vamos dicir de maneira xeral que, ó fin e ó cabo, todo proceso político é significativo se é comunista, no sentido que nós lle damos a comunismo, que non é o sentido dos partidos comunistas, nin o da URSS, que non é nada diso, senón que é o sentido de algo que se traza tentando inventar u ha vía que non é a vía do Estado. E ido pódese moi ben facer baixo o nome Galiza, con toda seguridade, e nese lugar.

Hai, por certo, algo así como unha memoria histórica, non se pode dubidar diso, mais creo que cómpre ter coidado cun emprego abstracto deste punto, porque en realidade, tal como eu o enten-do, toda memoria histórica atópase baixo a condi-ción dunha política; non hai memoria histórica en si.

Penso, se vos parece, para pór un exemplo de aquí, que é moi importante hoxe en Francia discuti-la cuestión do petainismo e da invasión nazi. De feito, é moi importante, iso domina toda unha serie de cuestións, como a de Le Pen, a dos inmigrantes, a dos xudeus, e todo o que se queira; mais podemos preguntarnos se a discusión é: ¿hai que garda-la memoria histórica? Non, porque memorias históricas hai varias, ese é o problema. Hai xente para a que a memoria histórica consiste en dicir: ben, foi un período toldado, cómpre reconciliarse, de certo hai que lembrarse, mais xustamente non o fagamos máis, etc. E logo hai unha memoria histórica que di: non, a cuestión que estivo en xogo niso foi, a final de contas, a do afundimento do Estado parlamentario ¿que é o que pasou aí, etc., etc.? Enton

eu creo que non hai memoria histórica en bruto. Pola contra, existe a cuestión da historia baixo condición da política. Iso si, iso é moi importante; e coldo que mesmo para vós é unha cuestion entei-ramente clara. E dicir, ó cabo un proxecto nacionalista galego do tipo do que falabamos, neocomunista, entre comiñas, se vos parece, pois ben, vai falar a forza da historia de Galiza tamén; á forza, mais vai falar dunha maneira enteira-mente diferente á dos vellos nacionalistas xa esgotados. Dúas memorias diferentes, vaise apelar a dúas memorias diferentes, abofé. Entón, é a política a que constitúe a memoria e non a memoria a que constitúe a política; así o creo eu por certo.

Trátase dunha elección ou dunha escolla política tocante a un mesmo tema. Vai haber, ó cabo, figuras da memoria, vaise apelar a aquilo do que o pobo se lembra de xeito diferente. Resulta manifesto que ou é a final de contas un folklore, máis ou menos perdido, ou é unha vontade de fidelidade a esa historia na invención política. Polo tanto, paréceme que é moi importante dicir: memoria histórica si, mais, á fin e ó cabo, sempre baixo condición do presente, ou sexa: baixo condición da escolla política que se faga. E isto non quere dicir de ningunha maneira que o pasado sexa relativo, sinxelamente quere dicir que o que se pense do pasado non é a mesma cousa segundo se trate dunha política ou doutra. Petain é Petain, e de feito é o mesmo Petain para quen é petainista ou para o que di que esta cuestión aínda non está arranxada en Francia. Soamente que, a maneira de pensar iso non é a mesma; e o tema da memoria cando se manexa en bruto, é dicir, sen sinalar que fica baixo a condición dunha política é sempre, ó meu ver, un tema perigoso. Así, en certa maneira, para pór un exemplo masivo, os que din: lembrémonos, gar-demos a memoria do exterminio dos xudeus, estarase de acordo con eles en que non cómpre esquecer iso, mais ende mal iso case sempre quere dicir: apoiemos a Israel. E, en realidade, iso funciona nese senso; o feito de que repitan sen acougo que hai que lembrarse do exterminio é porque queren apoiar a Israel. Eu direi: non; direi:o exterminio si, mais aquilo do que cómpre lembrarse é: ¿que foi o nazismo? ¿Que foi o nazismo como política? ¿E como nos atopamos nós en condición de xulgar iso na política de hoxe? E ó cabo, iso levará a amosar que o mono-polio que pretende gardar o sionismo do exter-minio dos xudeus é unha monstruosidade, porque a final de contas dalle a "xudeu" o mesmo senso que lle daba Hitler. Ese é o problema. E se se lle quere dar a esa palabra outro sentido fai falta outra política, que non poderá ser sionista, por exemplo.

Sobre todo, verbo da cuestión nacional, verbo do que atinxe ó nacional, e penso que esta cuestión é moi importante, cómpre amosar sempre que hai unha política sobre a cuestión nacional, que a parti desa política hai a cuestión da historia. Mais non hai unha especie de historia en si, que produ-za de seu unha política. É xustamente o que nos queren facer crer sempre, de todas maneiras, un certo número de reacionarios: que a política no nome desa historia é con toda certeza enteira-mente lexítima; mentres que en realidade eles construiron esa historia a partir da súa política.

